



ADMISIÓN DE ALUMNOS PARA O CURSO 2017/2018

Orde do 12 de marzo de 2013 e Orde do 25 de xaneiro de 2017, que modifica a orde anterior, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación.

- Do **1 ao 15 de febreiro**, **RESERVA DE PRAZA** para os alumnos/as de 6º de educación primaria que reserven praza no IES ISIDRO PARGA PONDAL, ao que estamos adscritos. Cumprimentarase o **ANEXO I**, da Orde do 12 de marzo de 2013 e a Orde do 25 de xaneiro de 2017, que modifica á anterior.
- Do **1 ao 20 de marzo**, ambos incluídos, presentarase a **SOLICITUDE DE ADMISIÓN** para aqueles alumnos/as que se escolaricen por primeira vez no noso centro. Debe cumprimentarse o **ANEXO II**, segundo as ordes anteriormente citadas, copia do libro de familia/DNI.
- Do **23 de marzo ao 5 de abril**. No caso de que o número de solicitudes sexa superior á oferta de prazas do centro, ábrese un prazo de 10 días hábiles (contados a partir dos dous días seguintes de rematar o prazo de entrega das solicitudes de admisión) para presentar a documentación xustificativa dos criterios de baremo: padrón, certificados...
- As **listaxes provisionais** dos alumnos/as admitidos e non admitidos serán publicadas antes do **25 de abril**. Poderase presentar reclamación no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación. Publicarémolas o venres, 21 de abril.
- As **listaxes definitivas** de alumnos/as admitidos e non admitidos publicaranse antes do **15 de maio**. Estas listaxes permanecerán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro ata o día de inicio do novo curso escolar. Publicarémolas o venres, 12 de maio. Se quere reclamar ante a Xefatura Territorial, ten de prazo un mes.
- Formalización da matrícula: do **20 ao 30 de xuño (ANEXO III)**.